



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Práctica Laboral e de Seguridade Social

Materia	Práctica Laboral e de Seguridade Social			
Código	P04M110V01204			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Pontevedra			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Pazos Perez, Alexandre			
Profesorado	Casas de Ron, José M <sup>a</sup> Davila Fernández, José Carlos Granja Guillán, Gonzalo Núñez Ramos, José Ramón Pazos Perez, Alexandre			
Correo-e	alexpazos@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Superada a materia "Práctica laboral e de Seguridade Social", o alumno alcanzará os resultados seguintes: - Coñecemento e comprensión das temáticas e litixios laborais e de Seguridade Social máis comúns. - Destrezas no deseño de estratexias de defensa en litixios laborais e de Seguridade Social. - Destrezas no asesoramento en temáticas laborais e de Seguridade Social - Coñecemento das instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social. - Habilidades de actuación ante as instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social.			

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de aprender de forma autónoma
B2	Capacidade de resolver problemas de forma efectiva
B3	Capacidade de argumentar e rebater ideas, aplicando un pensamento crítico e lóxico
B4	Capacidade de traballar de forma autónoma con iniciativa
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo
B6	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
C1	Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos
C2	Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
C3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.
C4	Coñecer as diferentes técnicas de composición de intereses e saber encontrar solucións a problemas mediante métodos alternativos á vía xurisdiccional.
C10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.

C13 Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.

D1 Capacidade de síntese e análise.

D2 Capacidade de xestión da información

D3 Capacidade de organizar e planificar.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento e comprensión das temáticas e litixios laborais e de Seguridade Social máis comúns.	A5 B6 C2 D3
Destrezas no diseño de estratexias de defensa en litixios laborais e de Seguridade Social.	A2 A3 B1 B2 B4 C3 C4 D2
Destrezas no asesoramiento en temáticas laborais e de Seguridade Social	A3 A5 B1 B5 B6 C10 C13 D1 D3
Coñecemento das instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social.	A2 A3 B2 B4 B6 C1 C2 C10 C13 D1 D2
Habilidades de actuación ante as instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social.	A4 A5 B2 B3 C10 C13 D3

### Contidos

Tema	
Tema 1: Relación laboral. Contrato de traballo e modalidades de contratación.	1.1.- Distinción de figuras próximas. Valoración de indicios de dependencia e axeneidade. A contratación laboral na era dixital. 1.2.- Referencia ás relacións laborais especiais. 1.3.- Os contratos temporais: causa e posible duración de cada un deles (eventual, obra, interino). Causas de temporalidade e fraude de lei. 1.4.- Os contratos formativos: causa, posible duración de cada un deles. 1.5.- A orde xurisdiccional social. O proceso laboral ordinario: fase preprocesal e desenvolvemento do proceso. As partes no proceso laboral. O listisconsorcio. Defensa. O beneficio da xustiza gratuita

Tema 2: Obrigacións e dereitos laborales do empregador e do traballador.

2.1. Remuneración: confección e interpretación da nómina e liquidación. Redacción da papeleta de conciliación por reclamación de cantidade (salarios). Elaboración de demanda por reclamación de cantidade (salarios). Proceso  
2.2. Tempo de traballo e descansos. Especial referencia ás vacacións.  
2.3. O traballador a tempo parcial, traballador fixo periódico e réximen dos traballadores a tempo parcial. Traballadores fixos discontinuos: concepto e diferenza cos traballadores a tempo parcial. Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.  
2.4. Clasificación profesional.  
2.5. Mobilidade xeográfica e modificación substancial de condicións de traballo. Procesos  
2.6. Sancións. Despedimento disciplinario: Confección e interpretación de liquidación e carta de despedimento. Consignación de indemnizacións. Redacción dunha papeleta de conciliación. Proceso de despedimento disciplinario e de impugnación de sancións. Reclamación ao Estado do pago de salarios de tramitación en xuízos por despedimento.  
2.7. Tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador.  
2.8. Prevención de riscos laborais (Responsabilidades por accidente de traballo ou enfermidade profesional).  
2.9. A inspección de traballo e as infraccións administrativas na orden social.

Tema 3: Vicisitudes da relación laboral.

3.1. Suspensión  
3.2. A contrata ou subcontrata de propia actividade e garantías dos traballadores suxeitos a contrata ou subcontrata. Cesión ilegal.  
3.3. A transmisión de empresa e garantías dos traballadores en supostos de transmisión de empresa.  
3.4. Extinción por causas obxectivas e despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción. Confección e interpretación de liquidación e carta de despedimento. Expediente de regulación de emprego. Consignación de indemnizacións. Redacción dunha papeleta de conciliación.

Tema 4: Negociación colectiva e representación. Liberdade sindical.

4.1. Proceso de conflito colectivo. A representación sindical dos traballadores. O Dereito de folga.  
4.2. Impugnación de convenios colectivos.  
4.3. Materia electoral.  
4.4. Procesos en materia sindical: tutela da liberdade sindical, impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou á súa modificación.

Tema 5: Seguridade Social.

5.1. Acción protectora  
5.2. Riscos profesionais e riscos comúns. Accidente de traballo e enfermidade profesional.  
5.3. Recargo de prestacións da Seguridade Social.  
5.4. Incapacidade temporal.  
5.5. Incapacidade permanente.

Tema 6: O proceso ordinario. Recursos e execución de sentenza.

6.1. Evitación do proceso. Conciliación previa. Reclamación previa a vía xudicial. Reconvención. Actos preparatorios e medidas precautorias. O embargo preventivo.  
6.2. O proceso ordinario. A demanda. Acumulación de acción, autos e recursos. Conciliación e xuízo. Dilixencias de mellor proveer.  
6.3. O sistema de recursos. Recursos contra providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos. Recurso de suplicación. Recurso de casación. Casación para a unificación de doutrina. Remedios e recursos contra sentenzas firmes: audiencia ao demandado rebelde, nulidade de actuacións, erro xudicial, revisión de sentenzas, recurso de amparo.  
6.4. A intervención do FOGASA e o Ministerio Fiscal no procedemento laboral. As prestacións que depara o FOGASA: supostos e cuantías.  
6.5. Execución de sentenza. Execución provisional e definitiva. Execucións diñerarias. Execución de despedimento e supostos afíns. Execución de sentenzas colectivas e outros supostos.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	29	148	177
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Seminario	Os contidos enunciados serán analizados desde unha perspectiva eminentemente práctica: para ese efecto analizaranse e resolverán supostos prácticos e procederase á confección e interpretación dos documentos e materiais pertinentes. A metodoloxía será a do método do caso.

<b>Atención personalizada</b>	
	Descrición
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

<b>Avaliación</b>		Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Avaliarase a participación activa dos alumnos/as nos seminarios.	20	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C3 C4 C10 C13	D1 D2 D3	
Exame de preguntas obxectivas	Ao final do período de docencia presencial ou durante o mesmo poderán facerse unha ou varias probas tipo test.	40	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C3 C4 C10 C13	D1 D2 D3	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao final de docencia presencial farase unha proba escrita que consistirá na resolución dun ou máis casos prácticos.	40	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C3 C4 C10 C13	D1 D2 D3	

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

"Para ter dereito a ser avaliado polo sistema de avaliación continua, o alumno deberá asistir, polo menos, a un 75% das clases presenciais.

- Primeira oportunidade de examen:1. - Os alumnos que se someten a avaliación continua serán avaliados conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: resultado da avaliación continua (20%), proba tipo test (40%), proba práctica relativa ao estudo de casos (40%). 2. - "Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade" polo resultado obtido "nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia,"

- Segunda oportunidade de examen:1. - No exame de xullo os alumnos que se someteran ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtiveran no curso.2. - "Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade" polo resultado obtido "nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia".

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

AA. VV., **Memento Práctico Social**, Francis-Lefebvre, 2018-2019

AA. VV., **Memento Práctico Seguridad Social**, Francis-Lefebvre, 2018-2019

AA. VV., **legislación Laboral y de Seguridad Social**, Calquera das editoriais do mercado, 2019

#### **Bibliografía Complementaria**

### **Recomendacións**

**Descrición**

---

**=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

**=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===**

No caso de que as condicións sanitarias obriguen a suspender a docencia presencial, continuarase a docencia de xeito virtual a través da plataforma de Teledocencia Faitic e das aulas virtuais da Universidade de Vigo no mesmo horario os días e as horas indicadas. Os contidos da materia non se alterarán e, se fose necesaria bibliografía adicional, o profesorado a colgará en Faitic. Os estudantes serán atendidos de xeito personalizado a través do correo electrónico ou ben de tutorías virtuais utilizando as aulas virtuais.

**=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===**

A avaliación poderá ser adaptada, tendo sempre en conta o obxectivo de favorecer o aprendizaxe do alumnado. As adaptacións dependerán do momento en que se produza a cancelación da docencia presencial. En todo caso, seconservarán as notas obtidas en probas presenciais ou ben na asistencia e participación nas clases. Para o sistema de avaliación non presencial tamén se utilizará a plataforma Faitic mediante os apartados de cuestionarios e exercicios.

---